



Que facer e onde comer no concello de Coriós

<http://www.coiros.es>

Que ver:

Proxecto Mandeo:

O proxecto Mandeo, encabezado pola Deputación de A Coruña e os Concellos, é unha iniciativa que nace do interese por preservar o patrimonio medioambiental dos ríos, catalogado na súa parte inferior, de ó redor de 1.020ha, como espazo natural protexido ó estar integrado na Rede Natura 2000.



O territorio que abarca o proxecto exténdese por dez concellos da provincia de A Coruña (Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Curtis, Irixoa, Oza Cesuras, Paderne e Sobrado). Por cada un destes concellos, fundamentalmente rurais, polos que discorre o Mandeo, podemos atopar lugares cheos de maxia e cunha riqueza natural e etnográfica de excepción.

Ademáis, dentro do plan diseñaronse zonas de ocio que lle engaden un valor maior ó Mandeo, ademáis de rutas de sendeirismo sinalizadas que pisan cada un dos dez concellos integrantes. No Concello de Coirós podemos disfrutar dunha variedade de rutas a pé ou en bicicleta.


<http://www.riomandeo.com/index.php?s=24&su=33&cat=su>

Ademáis disto, creouse unha rede de aloxamentos e restaurantes, os "refuxios do Mandeo", na que o noso concello tamén aporta o varios establecementos de calidade a esta rede. Dentro deste Plan, inaugurouse recentemente o Centro de interpretación do río Mandeo no lugar de Chelo. Conta cunha exposición interactiva que pretende dar a coñecer os recursos do río a nivel ecolóxico, cultural e etnográfico.

Lugar de Chelo:

O lugar de Chelo é un paraxe fluvial situado no val de A Espenuca, que foi declarado paisaxe pintoresco polo decreto 2646/1972 de 18 de agosto. Accedese a este lugar dende a N-VI, no lugar de Collantres e seguindo as indicacións do Coto de Chelo.

Destaca a súa vexetación, na que predominan os ameneiros, freixos, abeleiras á beira do río e castiñeiros e carballos mais alonxados do río, en canto á fauna destaca por ser un dos poucos ríos nos que conviven os salmóns, a troita, o reo e a anguía, O coto de pesca atrae a numerosos pescadores cada ano. Ademais, atopamos o mexillón de río, a salamandra, o merlo rieiro, o martiño peixeiro ou a nutria.



Pódese contemplar unha exposición permanente interactiva no recentemente aberto Centro de interpretación do río Mandeo, unha iniciativa enmarcada dentro do Plan Mandeo. O horario de visitas é os venres de 10 a 13 horas e os sábados e domingos de 10 a 13 e de 16 a 19 horas.

Os Caneiros:

Chámaselle "Os Caneiros" a un merendeiro ubicado no bosque, na marxe esquerda do Río Mandeo a uns 3 kms de Betanzos. Está ubicado dentro da área do Concello de Coirós pero pertence a Betanzos.

Este lugar emblemático utilizouse tradicionalmente pola xente de Betanzos para celebrar tódolos anos en Agosto a "jira a Os Caneiros", na que subía en lancha ou a pé desde Betanzos a comer os excedentes da comida do día do patrón.

Pena Furada:

A Pena Furada está emprazada na parroquia de Santa Marina de Lesa, nun outeiro a 280 metros entre os ríos Mandeo e Mendo, e que conta cunhas extraordinarias vistas e cunha destacada incidencia da luz solar.

No santuario rupestre galaicorromano, delimitado con muros perimetrais, destaca como elemento principal a presenza da Moura, un antropomorfo que representa una figura feminina dotada de volume e na que destaca fundamentalmente a súa vulva, o que podería representar a fertilización no mundo simbólico da idade de Ferro e máis concretamente podería estar relacionada coa deusa Navia. Á carón da Moura atopamos unha pía cuadrangular para a realización de ofrendas. A figura está orientada ó oeste, polo que ó mediodía é cando mellor se pode apreciar, quedando case oculta ó atardecer.

Posteriormente, o santuario foi cristianizado a través da igrexa de Santa Marina de Lesa, moi preto do lugar, a uns 800 metros, e tamén orientada estratéxicamente.

Actualmente estase a traballar no proxecto, sendo un equipo multidisciplinar formado por arqueólogos, arquitectos, entre outros, e dirixido polo arqueólogo director Antón Malde.



Río dos Dous Nomes:

O río Vexo ou Fervenzas (coñecido con estes dous nomes), é un afluente do río Mandeo. O sendeiro que parte da Ponte de Xora discorre por unha paisaxe que goza de tranquilidade e fermosura, na que se atopan varios muíños que nos recordan a importancia do río para os nosos antepasados.

Tamén no discurso do tramo do río atopamos unha antiga ferrería coñecida como "O Machuco de Ois", do que aínda se conservan os muros de grandes dimensións, tanto os do edificio principal como os dunha edificación anexa que podería ser a vivenda.

A ruta, que é circular, ten unha lonxitude de 3,4km, cun nivel de dificultade medio- baixo moi recomendable para realizar en familia.



Mirador de Espenuca:

Seguindo a estrada C.P. 2702 chegamos ó lugar chamado "O picoto", no monte de A Espenuca a 290 metros sobre o nivel do mar. Este mirador natural sobre a comarca de As Mariñas permite ver o paso do Mandeo sobre o lugar de Chelo, e grande parte da comarca.

O entorno cobra especial importancia pola presenza da igrexa e a ermita de Santa Eulalia, ademáis do campanario, que se atopa separado da construción e uns metros mais arriba.



Lugar de Mende:

Un entorno tranquilo no que o Mendo nos deleita cunha bonita paraxe na que podemos atopar dous muíños totalmente rehabilitados e que antigamente foron muíños de maquía, tal como se pode apreciar dende o exterior, xa que a súa rehabilitación respetou con sumo cuidado os elementos do muíño.

Son o “Muíño do Carlista” e o “Muíño do Mende”.



Monte do Gato:


O Monte do Gato é o límite natural entre os Concellos de Aranga, Coirós e Oza dos Ríos. No Monte do Gato atópase o punto mais alto do Concello, con 512 metros de altura e dende o que se pode disfrutar dunhas extraordinarias vistas sobre a comarca das Mariñas.

O Monte conserva o seu estado natural dende hai miles de anos, tanto a nivel paisaxístico como no que se refire á conservación da súa fauna, na que destacan o corzo, o raposo, o xabarín, as aves rapaces e o retraído gato montés, especie da que é probable que derive o nome este Monte.

O gato montés é unha especie protexida polo Real Decreto 439/90, e catalogado como “de interese especial”. Vive en zonas coma esta por ser un lugar con abundante vexetación e con baixa densidade de poboación.

Outro dos encantos que nos ofrece o Monte do Gato é a súa riqueza arqueolóxica, na que se poden atopar numerosas mámoas e petroglifos da Idade de bronce.

Polo entorno do Monte do Gato trazouse unha ruta dentro do Plan Mandeo, a ruta SM.15, deseñada especialmente para poder realizar en bicicleta



Onde Comer:

PARRILLADA BARRAL

- Parada, 10
- Teléfono 981.796.607
- Especialidade en carne á brasa e bacallao ó forno.
- Pecha os sábados
- www.parrilladabarral.com

RESTAURANTE "LA PAZ"

- Espenuca, 3
- Teléfono 981.796.327
- Especialidade en comida casera
- Pecha luns e martes en inverno, martes en verán
- www.restaurantelapaz.com

TABERNA "O FREIXO"

- O Bullo, 6- Espenuca
- Teléfono 981.796.285
- Especialidade en tortilla e troitas

A CASA DAS TORTILLAS "CASA TOMÉ"

- Coirós de abaixo, 10
- Teléfono 675.928.541
- Especialidade en tortilla na lareira. Comida casera por encargo
- Pecha os luns

RESTAURANTE- CAFETERÍA GLOTOM

- Lapela, 12
- Teléfono 981.796.444
- Especialidade en comida casera. Menú do día.
- Cociña aberta todo o día.

RESTAURANTE –CAFETERIA VALMARÍN

- Queirís, 27
- Teléfono 620.821.475
- Especialidad en carne a la parrilla

Onde Durmir:

CASA DOS NOCHE

1. Collantres, 38;
2. Teléfono 981.776.284 / 647.971.720
3. www.casadosnoche.com